Esta Secretaría, á vista do sinalado no dito informe, comparte o criterio desfavorable da Intervención municipal, e as consideracións primeira, segunda, cuarta e conclusións do mesmo que se dan por reproducidas .

Remítese tamén a que subscribe ao informado na nota informativa de secretaría 33/2024, de 15 de maio de 2024( CVD: 5DB2/svmEZewu8rn2wGu).

**CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto, **infórmase desfavorablemente** o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito , a aprobación das facturas ás que se refire, e, polo tanto, a proposta da Alcaldía de data 21 de novembro de 2024( CVD: 9jkEsIOuqftyWe20bwrw).

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expedinete, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Alcaldía de data 21 de novembro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de Alcaldía de data 21 de novembro de 2024 (CVD: 9jkEsIOuqftyWe20bwrw), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2.2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS DO CONCELLO DE CAMBRE, PROGRAMA CONSOLIDA CAMBRE 2024

***Acceso á videoacta* – 00:33:14 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 11 de novembro de 2024 (CVD: TYEZ0xel1p0Z4/Kd/1uX), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

**“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE E EDUCACIÓN.**

Os contidos desta proposta están enmarcados no establecido no artigo 40 da Constitución Española, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e de acordo coa Axenda 20+ para o emprego, que ten por obxecto acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Por este motivo, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega **e o sostemento dos negocios como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.**

Na nova Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, establece no seu artigo 25 *“Dentro do marco competencial existente, as entidades locais colaborarán coa Axencia Española de Emprego e os servizos públicos de emprego autonómicos, para coadxuvar ao cumprimento dos obxectivos do artígo 4”*, artigo que establece os obxectivos da política e emprego, entre os que se encontra o **mantenemento do emprego**, polo que a nova lei sigue facendo un especial fincapé na importancia da consolidación e o mantenemento do emprego.

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL), establécese que as Entidades Locais non poderán exercer competencias que non estean atribuídas como propias ou delegadas, agás que tal exercicio non poña en risco á sostenibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Se ben é certo que a partires das reformas introducidas pola LRSAL na LRBRL incorpóranse restricións para o exercicio de competencias no ámbito local, compre indicar que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27º.2 do seu Estatuto de Autonomía, así como a tutela financeira sobre os entes locais, de acordo co artigo 49º do seu Estatuto, respectando a autonomía que a estes lles recoñecen os artigos 140º e 142º da Constitución. No exercicio destas competencias, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se estableceu no seu artigo 3º punto 3 *"... En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: apartado a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos..."* e apartado *"b) A* ***continuidade da actividade de fomento xa establecida nos exercicios anteriores*** *así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sostenibilidade financeira previstos nesta Lei".* Neste contexto, o Concello de Cambre ven desenvolvendo dende o ano 2012 programas de axudas municipais á creación de empresas coa aprobación das bases de convocatoria enmarcadas dentro do programa Cambre-Emprende e posteriormente a partir do ano 2019 do programa Consolida-Cambre. A xestión e execución destes programas correspondeulle desde o seu comezo á Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, departamento encargado, da promoción económica e empresarial do municipio.

No título V da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do estatuto do traballo autónomo, dedicado ao fomento e promoción do traballo autónomo, establécese que os poderes públicos adoptarán políticas de fomento do traballo autónomo dirixidas ao establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia. Neste senso, o Concello de Cambre como administración pública debe adoptar medidas que favorezan a creación e mantemento de emprego no seu territorio.

Non debemos esquecer que un dos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, segundo a nova Estratexía Española de Activación para o Emprego do periodo 2021-2024, regulada no Real Decreto 1069/2021, de 4 de decembro, así como do Plan Anual da Política de Emprego e as directrices marcadas desde a Unión Europea é **a consolidación e a estabilización do emprego**. Para iso, as administracións públicas deben poñer en marcha actuacións que axuden a acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, promovendo un modelo de desenvolvemento económico que favorezca a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido produtivo.

Outra das cuestións que temos que ter en conta é que o tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma está composto, na súa maioría, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego, motivo polo que o Concello de Cambre debe de seguir impulsando medidas para fomentar a actividade económica e apoiar o mantemento do emprego das microempresas, prioritariamente no ámbito comercial, a hostalaría, e os servizos, así como aquelas actividades do noso territorio dinamizadoras da economía.

No ánimo da Corporación municipal está apoiar a promoción empresarial, establecéndose neste exercicio e para esta finalidade dúas liñas de acción a través de subvencións en libre concorrencia como son o programa Consolida Cambre, dirixido a incentivar o mantemento de empresas e fomentar a actividade económica e a liña de subvencións dirixida ás asociacións de empresarios do municipio de Cambre, co obxecto de apoiar o estímulo empresarial no termo municipal, favorecendo a competitividade das empresas locais e a colaboración cos, tal como queda recollido no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 e no Orzamento Municipal para o exercicio 2024.

A realidade socioeconómica actual: crise enerxética, inflación, e guerras de Ucrania e Palestina, pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posibles, **senón tamén deseñar mecanismos necesarios para que as empresas xa establecidas poidan sobrevivir**, xa que son vitais para a recuperación do emprego e debemos entendelo coma unha prioridade fundamental nas actuacións a levar a cabo en materia de promoción económica.

A finalidade deste programa polo tanto**, é apoiar a consolidación de empresas do noso municipio** e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, e na Lei orzamentaria, así como na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (capítulo VII art. 16), e sobre todo apoiar á actividade económica mais afectada, como

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

xa se dixo anteriormente, pola situación de recesión económica motivada en principio pola crise sanitaria provocada polo Covid-19 e posteriormente polas consecuencias derivadas da invasión rusa de Ucrania, coa consecuente alza das materias primas, os custos enerxéticos, os combustibles, o gas e o incremento dos intereses bancarios, o que provocou a reducción dos márxenes e competitividade empresarial.

Por último, non podemos esquecer que o grao de satisfacción alcanzado na xestión destes programas ao longo dos anos fainos apostar pola súa continuidade. Durante o ano 2020, ano da pandemia, presentáronse 189 solicitudes de subvención das que foron concedidas un total de 133, pasando a ser a convocatoria de maior volume e maior aceptación por parte das empresas do municipio xa que se abriu a máis beneficiarios e con maior orzamento; na convocatoria da edición 2021 presentáronse un total de 117 solicitudes das que se concederon un total de 91 subvencións; na convocatoria do ano 2022, ano en que se limitou o número de beneficiarios e orzamento seguindo as liñas anteriores á pandemia, presentáronse 27 solicitudes das que aprobáronse un total de 25 e do exercicio 2023 estamos a tramitar un total de 31 solicitudes das que se concederán 26. A boa acollida por parte dos emprendedores e empresarios e o logro dos obxectivos establecidos fainos cumprir cos principios de eficacia, eficiencia, economía e calidade, e tamén de conformidade coas políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión, segundo o disposto no artigo 7.2 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade.

As bases que se presentan esta anualidade teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais á consolidación de autónomos individuais e societarios durante o ano 2024, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Considerando o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa reguladora das axudas e subvencións públicas, así como no Titulo V das bases de execución do orzamento para o exercicio 2024, en canto a convocatoria de subvencións, especialmente as non nominativas de concesión en réxime de concorrencia e o Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 do Concello de Cambre, as bases da convocatoria pública de subvencións municipais ao abeiro do programa Consolida-Cambre 2024, contan coas seguintes características:

Primeira: Os beneficiarios desta convocatoria serán as persoas traballadoras autónomas, individuais ou socios/as de micropeme ou peme, do Concello de Cambre, que se deran de alta na Seguridade Social entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de setembro de 2023 e que continúen da alta no momento da publicación do extracto da convocatoria da subvención.

Segunda: Mantense o obxecto das axudas que se viñan aprobando desde o ano 2012, é dicir, a cobertura das cotas correspondentes do pago á seguridade social no Réxime Especial de Traballadores/as por conta propia ou Autónomos/as (RETA) ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, correspondente nesta anualidade aos 20 primeiros meses da actividade, porque este custo:

- É un custo universal para calquera modalidade de actividade empresarial que se desenvolva.
- O seu importe é independente da rendibilidade dos proxectos empresariais.

Terceira: A cantidade que se vai destinar ao programa é de 80.000,00 euros, de conformidade co orzamento municipal aprobado para o exercicio 2024. As subvencións concederanse ata o esgotamento do crédito indicado, de 80.000,00 euros da convocatoria, na aplicación orzamentaria 433 47000 "Fomento do emprego Consolida Cambre" do orzamento xeral do Concello de Cambre para 2024.

Cuarta: Establécese como cantidade máxima subvencionable o custo mensual das cotas efectivamente pagadas no RETA ou na mutualidade de colexio profesional dos vinte (20) primeiros meses de actividade que poderán corresponder cos anos 2022,2023,2024 e 2025, e cun tope de 2.500,00 € por solicitante, como na convocatoria do ano 2019, anterior ás convocatorias dos anos da pandemia do Covid-19 nas que o tope rebaixouse debido á ampliación de beneficiarios/as. Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Quinta: Mantense a incompatibilidade con calquera outra subvención polo mesmo concepto outorgada por outras administracións públicas, institucións, etc, e nomeadamente, coa subvención das cotas de cotización á Seguridade Social do pago único da prestación contributiva por desemprego. Serán compatibles con calquera outra axuda que non subvencione o mesmo concepto.

Sexta: Todos os trámites administrativos que os interesados precisen realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nas bases deberán efectuarse electrónicamente.

Sétima: As subvencións tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. "As bases reguladoras poderán excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei."

Oitava: Unha vez revisada a solicitude xunto coa documentación xustificativa, ditarase resolución de concesión da subvención pola alcaldesa, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompañe á solicitude e do cumprimento polas persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases; logo da súa fiscalización pola Intervención municipal, aboándose as axudas, nun pago único por solicitante á conta bancaria designada a tal fin.

Tendo en conta o informe emitido con data 14 de outubro de 2024 pola axente de emprego e desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local co *(*CVD: Ee2JogVaOuIf9CSqOBeP) e visto o Informe da Intervención municipal de data 08 de novembro de 2024 *(CVD: NuztzAWftqgE/cW8cH6y),* **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**Primeiro:** Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a consolidación de emprego programa Consolida – Cambre 2024, a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos), que se transcriben deseguido:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS - PROGRAMA CONSOLIDA CAMBRE 2024.**

Nesta anualidade como nas anteriores, seguemos enfrontados a unha situación única, esta vez ocasionada pola grave crise enerxética e inflacionista, xunto coa situación provocada pola invasión rusa de Ucranica e o conflito en Palestina, xusto cando as empresas remontaban a crise sanitaria da pandemia do Covid -19. Esta situación de crise internacional está ocasionando graves consecuencias nas economías dos paises, o incremento dos custos enerxéticos, xunto co encarecemento das materias primas, e o alza dos intereses, está a producir un impacto decisivo sobre os márxenes de ganancia e a competitividade das nosas empresas e en especial ós nosos autónomos e micropemes. Neste contexto as administracións públicas debemos aunar esforzos para paliar o impacto económico e a perda de actividade e productividade que está a sofrir o noso tecido empresarial poñendo en marcha medidas eficaces e eficientes.

**Base 1ª – Disposición xeral**

**1.1.-** A convocatoria de subvencións municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa *"CONSOLIDA CAMBRE 2024",* ten por obxecto, por unha banda, apoiar a consolidación de empresas de recente creación do noso municipio e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (capítulo VII art. 16).

**1.2. -** As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V "Subvencións" das bases de execución do orzamento para o exercicio 2024 do Concello de Cambre.

**1.3. -** A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**1.4. -** A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 80.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 433 47000 "Consolida Cambre Autónomos". En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

**Base 2ª – Obxecto e persoas beneficiarias.**

**2.1. -** Obxecto.

2.1.1. - A finalidade deste programa é contribuír á consolidación dos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre durante os anos 2022 e 2023, con independencia da súa forma xurídica, que facilitaran a creación do posto de traballo do emprendedor ou emprendedora que os levaran a cabo.

2.1.2.- Esta finalidade concrétase na subvención da cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou da mutualidade de colexio profesional correspondente, tomando como referencia a base mínima de cotización que corresponda, vixente en cada momento.

2.1.3.- Ao abeiro do programa *CONSOLIDA CAMBRE 2024*, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalizaran entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de setembro de 2023 e que continuaran de alta de xeito ininterrompido ata a data da publicación do extracto da convocatoria.

2.1.4.- Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva, segundo o disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria. De ser o caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente, o último beneficiario/a, que cumpra cos requisitos esixidos e que teña aportada correctamente toda a documentación, se é o caso, non recibiría a cantidade íntegra da subvención concedida.

**2.2. -** **Persoas beneficiarias.**

2.2.1. - Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas autónomas, sexan autónomas individuais ou socios/as de microempresa ou peme, que reúnan os seguintes requisitos **na data de publicación do extracto da convocatoria da subvención:**

a) Que se deran de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís dende o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de setembro de 2023, e que seguiran de alta ata no momento da publicación do extracto das bases da convocatoria, de xeito ininterrompido.

b) Que desenvolveran a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:

   - No caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre, segundo alta no Censo de Actividades Económicas (Modelo 036 ou 037) ou Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria
   - No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa se atope no termo municipal de Cambre. En caso de autónomos individuais sen establecemento, entenderase que desenvolven a súa actividade no domicilio fisical que apareza no certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tibutaria

c) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e con estas bases, o Concello de Cambre solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o propio Concello de Cambre, para verificar o cumprimento deste apartado.

2.2.2. - Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nestas bases as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa administración pública.
d) Estar incursa a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen obstente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. - Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nestas bases as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2.2.4. - Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias os autónomos colaboradores e familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadora por conta allea conforme ao establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

2.2.5. - A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 2.2.2, e 2.2.3 anteriores para obter a condición de beneficiario se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo Anexo II.

**Base 3ª – Crédito orzamentario.**

**3.1. -** A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 433 47000 “Consolida Cambre Autónomos”.

**3.2. -** En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria de referencia. A contía máxima a conceder a cada persoa ou entidade beneficiaria non poderá superar os 2.500,00 euros.

**3.3. -** No caso de que as axudas superen o crédito orzamentario previsto nas bases, para a adxudicación das axudas seguirase a prioridade na adxudicación sinada na base 10.5, a orde de presentación das solicitudes completas; isto é: que acheguen a totalidade da documentación requirida na convocatoria, e unha vez comprobados os requisitos necesarios para poder optar ás mesmas. No caso de ter que ser requerida documentación no expediente de solicitude, a data da emenda considerarase como data de presentación da solicitude a efectos de prelación na concesión.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Base 4ª – Tipo de subvención e contía.**

**4.1. -** As axudas obxecto desta liña subvencionarán ata o 100% das cotas pagadas nos 20 primeiros meses de actividade, que poderán coincidir cos anos 2022 e 2023, 2024 e 2025. A cantidade a subvencionar nunca poderá exceder o importe máximo por persoa beneficiaria establecido no punto 3.2. As cotas serán as correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, ata o esgotamento dos fondos.

**4.2. -** Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

**4.3. -** En todo caso, o importe máximo de subvención por persoa beneficiaria non poderá superar os 2.500,00 €.

**Base 5ª – Concorrencia con outras subvencións.**

**5.1. -** Esta subvención é compatible con calquera outra concedida por outras administracións ou empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais.

**5.2. -** Será incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto outorgada por outras administracións públicas, institucións, etc, e coa subvención das cotas de cotización á Seguridade Social do pago único da prestación contributiva por.

**5.3. -** Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de "minimis", non poderá superar en todo caso o límite de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais para o/a mesmo/a beneficiario/a e no caso dunha empresa que opere no sector do trasporte por Cambre non será superior a 100.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

**Base 6 ª – Solicitudes e documentación.**

**6.1. -** As persoas beneficiarias ás cales vai dirixida estas subvencións son as persoas autónomas ou micropemes que xa teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), que exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento en calquera actividade comercial que realicen, polo que a presentación electrónica suporá un importante aforro de tempo e recursos materiais na súa tramitación.

**6.2. -** As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Cambre http://sede.cambre.es. Non serán admisibles as solicitudes presentadas doutro xeito.

**6.3. -** As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen obstente a súa representación, no modelo normalizado "Solicitude" que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
b) Solicitude segundo modelo ANEXO I.
c) No caso de pertencer a sociedades mercantís e non mercantís, ademáis do DNI deberán presentar o CIF e copia das escrituras de constitución debidamente rexistrada e documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación.
d) Certificado de Declaración de situación censual de alta na Axencia Tributaria actualizado.
e) Informe actualizado de vida laboral do beneficiario/a actualizado
f) Declaración responsable e autorización segundo o modelo do ANEXO II, na que conste:

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

i. Declaración de que todos os datos que constan na solicitude e os documentos que se xuntan son certos.
ii. Declaración de non incorrer en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base segunda do programa, non concorrir ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2013, e de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
iii. Declaración de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
iv. Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria Estatal, coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria de Galicia e o Concello de Cambre.
v. Autorización ao Concello de Cambre para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Consolida Cambre.
vi. Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta, e coa Seguridade Social e o Concello de Cambre. (Anexo II a nome do solicitante e a nome da Sociedade).

g) Declaración compresiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do ANEXO III.
h) Declaración responsable do cumprimento da finalidade da subvención conta xustificativa ANEXO V.
i) Documento bancario acreditativo do número IBAN en conta bancaria, titularidade do interesado.
j) Documento electrónico emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos abonadas ou documento acreditativo da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate das 20 primeiras cotas aboadas dende a súa alta como autónomo.
k) No caso de ter solicitada a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, deberán presentar a resolución de concesión.
l) Calquera outra documentación que se lle requira por parte do Concello de Cambre.

**6.4. -** En aplicación do artigo 53.1. d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos que se establecen nas bases cando estes se atoparan en poder do propio Concello, para o cal deberán manifestar o expediente no que se constan presentados.

**6.5. -** As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada a comparación das copias aportadas pola persoa interesada para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

**6.6. -** Sempre que se realice a presentación de documentos illadamente da solicitude deberase indicar o Programa ao que vai dirixida a mesma programa *"CONSOLIDA CAMBRE 2024*" e o número de expediente si se dispón dél.

**Base 7ª – Convocatoria e prazo de presentación de solicitudes.**

Da convocatoria da subvención darase traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**Base 8ª – Tratamento de datos de carácter persoal.**

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Se é o caso os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

Así mesmo, co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucional de que dispón o Concello de Cambre como páxina web ou taboleiro de anuncios.

**Base 9 ª – Autorizacións.**

A solicitude desta axuda comportará a autorización do solicitante ao Concello de Cambre para poder verificar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda correspondente á presente convocatoria, podendo comprobar ou recadar as certificacións de cumprimento das súas obrigas que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, así como para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O concello resérvase o dereito a requirir ao solicitante no caso de que a referida información presente incidencias. Nembargantes, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, aportando entón as certificacións correspondentes de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación das entidades beneficiarias, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que se incorporen á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

**Base 10ª – Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

**10.1. -** O procedemento de concesión das subvencións reguladas nas presentes bases entenderase iniciado coa aprobación e publicación da convocatoria.

**10.2.-** O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

**10.3.-** A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

**10.4.-** Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**10.5.-** No caso de que as axudas concedidas superen o crédito orzamentario previsto nas bases, e conforme ao establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, para a adxudicación das axudas darase

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

prioridade a orde de presentación, na sede electrónica do Concello de Cambre, das **solicitudes completas**; isto é: que acheguen a totalidade da documentación requirida na convocatoria, e unha vez comprobados os requisitos necesarios para poder optar ás mesmas. No caso de ter que ser requerida documentación no expediente de solicitude, a data da emenda considerarase como data de presentación da solicitude a efectos de prelación na concesión.

**10.6. -** Logo da aprobación polo órgano competente, publicaranse as subvencións concedidas na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello de Cambre e na Base Nacional de Subvencións (BNDS), considerando o regulado na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de "Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (LPODGDD)" sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos.

**10.7.-** Respecto ás solicitudes aprobadas, ou denegadas por non cumprir os requisitos das presentes bases, ou por esgotamento do crédito da convocatoria, serán notificadas só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Base 11ª – Concesión da axuda. Resolución e recursos.**

**11.1. -** O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será a alcaldesa, ou concelleiro en quen delegue, unha vez recibidas a proposta, parcial ou definitiva, dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios/as dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

**11.2. -** As resolucións de concesión ou denegación das subvencións conterá expresamente a contía, condicións e obrigas ás que deba suxeitarse o/a beneficiario/a, así como as solicitudes desestimadas e os motivos de desestimación.

**11.3. -** O prazo para resolver e notificar a resolución será de 3 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**11.4. -** As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**11.5.-** As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran DEZ días

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**11.6. -** Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación ANEXO IV. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada. As persoas beneficiarias que no momento de presentar a **solicitude marquen** a **casilla correspondente a aceptación da subvención no impreso Anexo II**-declaración responsable, estarán eximidas de presentar o dito anexo IV.

**Base 12ª – Modificación da resolución.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1 n) da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

**Base 13ª – Prazo e forma da xustificación da subvención.**

As persoas beneficiarias da subvención, deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto que lle foron subvencionados (base 4ª), en cumprimento do establecido nos artigos 30 e 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

A xutificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención realizaráse a través da presentación do **ANEXO V** ***"cumprimento da finalidade da subvención - conta xustificativa***" que poderá ser presentado coa solicitude de subvención, xunto co documento electrónico da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos abonadas ou documento acreditativo da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate, das 18 primeiras cotas aboadas dende a súa alta como autónomo, segundo o establecido na base 6.3 punto j), xa que a aplicación dos fondos é un dos requisitos para a concesión da subvención, e sempre antes do pagamento da axuda.

**Base 14ª – Pagamento da subvención.**

**14.1.-** Logo da resolución de concesión, a alcaldesa, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda.

**14.2. -** O aboamento levarase a cabo nun único pago por beneficiario, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, e mediante transferencia bancaria á conta sinalada de titularidade da persoa beneficiaria.

**Base 15ª – Obrigas das persoas beneficiarias.**

Son obrigas dos/as beneficiarios/as as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras como requisitos e na resolución de concesión. En particular, as persoas beneficiarias asumirán as seguintes obrigas:

a) Xustificar ante o órgano que concede o cumprimento dos requisitos e das condicións establecidas e someterse ás actuacións de control e comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
b) Comunicarlle ao órgano que concede calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
c) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para isto, os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán colocar no seu local durante un ano dende a publicación da concesión das subvencións, un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Cambre. O modelo normalizado do cartel será publicado polo concello xunto coa resolución de concesión. No caso de non dispor de establecemento permanente, a publicidade do financiamento estudarase en cada caso.

**Base 16ª – Revogación e reintegro.**

**16.1. -** Procederá a revogación da axuda, así como ao reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**16.2. -** A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**16.3. -** Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e o Concello de Cambre, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

**Base 17ª. – Devolución voluntaria da subvención**

**17.1.-** As persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

**17.2.-** En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

**Base 18ª – Seguimento e control.**

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co establecido na base decima deste programa. Ademais facilitaranlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Base 19ª – Incorporación ao Rexistro público de subvencións, publicación da subvención concedida**

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

A resolución de outorgamento das axudas ao abeiro desta convocatoria e os seus beneficiarios, publicarase na páxina web oficial (http://www.cambre.org) e no taboleiro de anuncios con expresión da convocatoria, entidades beneficiarias e achegas concedidas.

**Base 20ª – Transparencia e bo goberno.**

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artígo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou a entidade das previstas no artículo 3.1 da Lei 1/2016 á que se encontren vinculadas, previo requirimento, toda información necesaria para o cumplimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, no seu caso, a imposición das multas coercitivas previstas no apartado 4 do citado artígo.

**Base 21ª – Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electrónicamente accedento á sede electrónica do Concello de Cambre, segundo o establecido na base 6ª 6.2.

**Base 22ª – Marco normativo.**

En todo aquelo non previsto nesta convocatoria será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as bases de execución do Orzamento para o exercicio 2023, no Plan Estratéxico de subvencións de Cambre 2020-2023 e demais lexislación vixente en materia de subvencións públicas e de procedemento administrativo

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**SOLICITUDE (ANEXO I)**
***"CONSOLIDA-CAMBRE 2024"***
Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

## SOLICITANTE

| | | | |
|---|---|---|---|
| Razón social | | C.I.F. | |
| Apelidos e nome | | D.N.I/N.I.E | |
| Enderezo | | | |
| C.P. | Localidade | Provincia | |
| Teléfono | Correo electrónico | | |
| Outras actividades | | CNAEs | |

☐ Empresa individual ☐ Sociedade civil ☐ Sociedade Limitada
☐ Outras sociedades

## DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| Apelidos e nome | | D.N.I/N.I.E | |

## ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

| | |
|---|---|
| Enderezo electrónico habilitado aos efectos de | |

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actividade económica (descrición) | | CNAE | |
| Enderezo da actividade | | | |
| C.P. | Localidade | Provincia | |
| Tf. | Correo | | |

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

**PERSOA FÍSICA**

☐ Copia do DNI ou NIE

**PERSOA XURÍDICA**

☐ Copia do NIF
☐ Copia da escritura de constitución debidamente rexistrada.
☐ Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación
☐ Copia do DNI ou NIE da persoa que exerza a actividade

**COMÚN**

☐ Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT
☐ Declaración responsable e autorizacións (Anexo II)
☐ Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (Anexo III)
☐ Documento electrónico emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social das dezaoito cotas de autónomos subvencionables abonadas ou documento acreditativo da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate.
☐ Informe de vida laboral actualizado
☐ Documento bancario acreditativo do número IBAN en conta bancaria, titularidade do interesado
☐ Outra documentación

Sr alcalde do Concello de Cambre
Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da convocatoria de axudas para a consolidación de empresas do programa **CONSOLIDA CAMBRE 2024** do Concello de Cambre, **SOLICITA** a concesión da correspondente axuda económica, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.
Cambre, de de 2024
Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre. adl@cambre.org

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)**
***"CONSOLIDA-CAMBRE 2024"***

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

## PERSOA SOLICITANTE

Don / dona ______________________ con D.N.I/N.I.E. __________
En nome e representación de
Razón social ______________________ con C.I.F. __________

## DECLARA RESPONSABLEMENTE

- ☐ Que non esta incursa en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base segunda desta convocatoria.
- ☐ Que non esta incursa en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Que non esta incursa en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- ☐ Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- ☐ Que reune as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base segunda da convocatoria.
- ☐ Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, e autorizo ao Concello de Cambre para realizar as actuacións de comprobación e seguemento necesarias para comrpobar o cumprimento da finalidade.
- ☐ A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases segunda e sexta do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, do beneficiario e sociedade á que pertenezca, así como o padrón de habitantes se é o caso.
- ☐ Que no caso de que a subvención sexa concedida, **acepta a mesma**.

| | |
|---|---|
| Cambre, de de 2024<br><br>Asdo, | ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación." |

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DOUTRAS AXUDAS**

# (ANEXO III)

***"CONSOLIDA-CAMBRE 2024"***

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

**ENTIDADE SOLICITANTE**

Don / dona ______ con D.N.I/N.I.E. ______
En nome e representación de
Razón social ______ con C.I.F. ______

**DECLARA RESPONSABLEMENTE**

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

| Axuda | | Ano | Organismo | Importe (€) | Tipo de axuda | Disposición reguladora |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Solicitada | Concedida | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |

Ou, alternativamente

☐ Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas, neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

| Ano | Organismo | Importe (€) | Tipo de axuda | Disposición reguladora |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

| | |
|---|---|
| Cambre, de de 2024<br><br>Asdo, | ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación." |

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**DECLARACIÓN ACEPTACIÓN AXUDA (ANEXO IV)**
***"CONSOLIDA-CAMBRE 2024"***

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

**PERSOA SOLICITANTE**

Don / dona ____________________ con D.N.I/N.I.E. __________

En nome e representación de

Razón social ____________________ con C.I.F. __________

**DECLARA RESPONSABLEMENTE**

Que segundo o establecido na base 11ª.6 da convocatoria da subvención municipal á consolidación de empresas do Concello de Cambre – Programa CONSOLIDA- CAMBRE 2024, que establece *"Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada..."*

**ACEPTA** a subvención concedida polo Concello de Cambre ao abeiro da convocatoria Programa **CONSOLIDA CAMBRE 2024.**

| | |
|---|---|
| Cambre, de de 2024<br><br><br>Asdo, | ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación." |

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CUMPRIMENTO DA FINALIDADE- CONTA XUSTIFICATIVA (ANEXO V)**
***"CONSOLIDA CAMBRE 2024"***
Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

## PERSOA SOLICITANTE

Don / dona ______ con D.N.I/N.I.E. ______
En nome e representación de

Razón social ______ con C.I.F. ______

## MEMORIA DA ACTUACIÓN

**Breve descripción da actuación xustificativa do cumprimento das condicións para a concesión da subvención**

| | |
|---|---|
| Descripción da actividade e resultados obtidos | |
| Área de actuación | |

## DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que co fin de xustificar a axeitada execución do gasto realizado e o fiel cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención prevista na base 4ª da convocatoria da subvención municipal á consolidación de empresas do Concello de Cambre Programa CONSOLIDA- CAMBRE 2024, emítese a presente conta xustificativa adxuntando a documentación establecida na base 6.3. punto j)

**CONTA XUSTIFICATIVA relación clasificada dos gastos efectuados relacionados coa actividade subvencionada**

| Nº | Período liquidación couta | Organismo Emisor das cuotas | Base cotización | Cuota pagada | Data de pago |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CUMPRIMENTO DA FINALIDADE- CONTA XUSTIFICATIVA (ANEXO V)**
***"CONSOLIDA CAMBRE 2024"***
Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | TOTAL | | | |

| | |
|---|---|
| Cambre, de de 2024<br>Asdo, | ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos |
| De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre. | |

**Segundo**: Aprobar o gasto correspondente por importe total de *oitenta mil euros* (80.000,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 433 47000 "Fomento do emprego Consolida Cambre"

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as bases reguladoras da convocatoria do Programa de axudas municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa Consolida Cambre 2024, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

**Cuarto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Quinto:** Dar traslado aos servizos económicos aos efectos oportunos.»

Intervén a Sra. presidenta e manifesta que hai unha emenda do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, de data 27 de novembro de 2024 (CVD: FOpKJjtGV4WDYjBARM0s), ao ditame da comisión informativa, que transcrita di:

**«EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES, MEDIO AMBIENTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, PATRIMONIO E TURISMO**

Detectado un erro no título da proposta relativa á aprobación inicial, se procede, das bases reguladoras da convocatoria do programa de axudas municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa Consolida Cambre 2024,

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de data 11 de novembro de 2024 (CVD: TYEZ0xel1p0Z4/Kd/1uX), que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo o día 21 de novembro de 2024.

De conformidade co disposto no artigo 115 e) do Regulamento orgánico municipal formulo a seguinte proposta de modificación do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 21 de novembro de 2024, no seguinte senso:

Onde di:

“**PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE E EDUCACIÓN.”**

Debe dicir:

“**PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PATRIMONIO E TURISMO”»**

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Boga Moscoso, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, de data 27 de novembro de 2024, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, de data 11 de novembro de 2024 (CVD: TYEZ0xel1p0Z4/Kd/1uX), coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaoito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 11 de novembro de 2024 (CVD: TYEZ0xel1p0Z4/Kd/1uX), polo que devén en acordo nos termos transcritos, coas modificacións quer resultan da emenda aprobada.

**2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA E ORZAMENTO DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO DE CAMBRE 2025, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA**

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

***Acceso á videoacta* – 00:55:08 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 15 de novembro de 2024 (CVD: jxgGOWncyS6j7zuqqDTh), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

**«PROPOSTA AO PLENO**

A celebración do Entroido en Cambre ten unha grande repercusión dentro do concello, pero tamén nos municipios limítrofes. Isto débese a que, ao longo do tempo, adquiriu unha identidade propia e unha forza espontánea grazas á implicación da veciñanza, dos participantes e dun público animoso que viven con entusiasmo esta festividade.

O tradicional desfile de comparsas e carrozas e o concurso do Entroido 2025 nas súas distintas categorías, é o acto central desta programación, que esperamos sexa, unha edición máis, un tempo de encontro, de goce colectivo e de ledicia para participantes e público.

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 10/10/2024 favorable á aprobación das bases que se achegan do Entroido en Cambre 2025 (CVD: lCBfvhnlhoaCU6pehnjj).

Visto o informe favorable da Intervención municipal LMR ENTROIDO 2025 FASE A/2024, de data 08/11/2024 (CVD: KretdTdr2HdBjZkqnLIB).

Por todo isto, dende a Área de Cultura proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2025, co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

***BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido, que se celebrará en Cambre, o sábado 8 de marzo de 2025.

**1. MODALIDADE DE DISFRACES**

**1.1.** Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo (máximo 5 persoas). No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.

**1.2.** No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) cunha duración máxima de 3 minutos.

**1.3.** Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

**1.4.** Non poderán participar na modalidade de disfraces as persoas participantes nas modalidades de comparsas e/ou carrozas.

**2. MODALIDADE DE COMPARSAS**

**2.1.** Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3, ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben enviándoa á dirección de correo cultura@cambre.org (neste caso deberá de utilizarse a mesma conta de correo que conste na solicitude e indicar no asunto o número de inscrición no rexistro municipal e/ou o nome artístico. Teñen de prazo ata o 6 de marzo. Por motivos técnicos, pasada esta data pode non ser tida en conta este acompañamento musical).

**2.2.** As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

## 3. MODALIDADE DE CARROZAS

**3.1.** Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.

**3.2.** Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.

**3.3.** As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

**3.4.** Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

## 4. INSCRICIÓN

### 4.1. INSCRICIÓN

A inscrición dos disfraces, comparsas e carrozas formalizarase mediante a presentación da solicitude que corresponda, en calquera das oficinas de Rexistro Municipais ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

Cada ficha de inscrición debe ser presentada de xeito individual. É dicir, cada asento no rexistro corresponderá única e exclusivamente a unha solicitude de participación. Consideraranse inválidos os asentos no rexistro que conteñan máis dunha solicitude de inscrición.

### 4.2. PERÍODO DE INSCRICIÓN

O período de inscrición comezará ao dia seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 5 de marzo de 2025.

## 5. PREMIOS

**5.1.** A dotación total da presente convocatoria é de 7.100,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 338 48100 Becas e premios festexos populares.

**5.2.** Os premios a outorgar serán os seguintes:

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| PREMIOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Disfraces | | | Comparsas | Carrozas |
| | Infantil | Xeral | | |
| 1º | 150 euros | 150 euros | 300 euros | 500 euros |
| 2º | - | - | 200 euros | 400 euros |
| 3º | - | - | - | 250 euros |
| 4º | - | - | - | 150 euros |

**5.3.** O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

**5.4.** No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

## 6. PAGO DOS PREMIOS

**6.1.** O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

**6.2.** Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

a. Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
b. Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
d. Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

**6.3.** A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

**6.4.** A data límite para entregar a documentación é o 8 de abril de 2025. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

**6.5.** Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

## 7. ASPECTOS XERAIS

**7.1.** Os participantes concentraranse entre as 15:15 e 16:00 h do 8 de marzo diante da Casa do Concello, onde recibiran indicacións por parte do persoal da organización.

**7.2.** A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán ubicadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

**7.3.** No desfile deberán participar todas as persoas inscritas. Os menores de 10 anos poderán acortar o percorrido do desfile, segundo as indicacións da organización,

**7.4.** A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

**7.5.** Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## 8. XURADO

**8.1.** O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello. A designación do xurado realizarase previamente ao desenvolvemento do concurso por resolución de alcaldía ou do concelleiro delegado competente.

**8.2.** A participación no concurso do Entroido en Cambre 2025 implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

## 9. CRITERIOS DO XURADO

**9.1.** O xurado valorará os seguintes aspectos:

a. A orixinalidade, estética, artes, vestiario, caracterización, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas (máx. 4 puntos)
b. A utilización de materiais de refugallo (máx. 4 puntos)
c. A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos…) para a temática das carrozas, comparsas e disfraces (máx. 4 puntos)
d. A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social (máx. 4 puntos)
e. A conservación do *Entroido tradicional* (máx. 2 puntos)
f. O uso do galego, tanto oral como escrito (máx. 2 puntos)

**9.2.** As persoas compoñentes do xurado valorarán o cumprimento dos aspectos indicados no punto anterior e outorgarán entre 0 e 4 puntos segundo o cumprimento sexa baixo (0 punto), moderado (1 puntos), alto (2 puntos) ou moi alto (4 puntos). No caso dos apartados e) e f) unicamente cualificará utilizando os tres primeiros baremos (baixo, moderado e alto).
A puntuación total será a suma da obtida en cada apartado.
As propostas que non acaden unha puntuación total mínima de 8 puntos non poderán optar aos premios.
Finalizada a valoración, redactarase unha acta na que quedará reflectida as valoracións do xurado.

**9.3.** O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio.

**9.4.** O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.

## DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases están condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión. Tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos estes actos.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

**FICHA INSCRICIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)**

CATEGORÍA: ☐ INFANTIL ☐ XERAL

**NOME ARTÍSTICO:** ..................................................................................................................................................

**INDIVIDUAL**

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: ................................................................<br>NIF: ...................................... Teléfono: ..............................<br>Enderezo: ..........................................................................<br>Localidade: ............................ e-mail: ................................. | Asdo.: |

**GRUPO**

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

Nome e apelidos: ........................................................................................Idade:...........

**REPRESENTANTES (2)**

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: ................................................................<br>NIF: ...................................... Teléfono: ..............................<br>Enderezo: ..........................................................................<br>Localidade: ............................ e-mail: ................................. | Asdo.: |
| Nome e apelidos: ................................................................<br>NIF: ...................................... Teléfono: ..............................<br>Enderezo: ..........................................................................<br>Localidade: ............................ e-mail: ................................ | Asdo.: |

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: ☐ non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _______________ de ____

***Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre***

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

**FICHA INSCRICIÓN CARROZAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)**

☐ Asociación veciñal:

☐ Grupo de veciños:

☐ Outros concellos:

**NOME ARTÍSTICO:** ..............................................................................................................................................….

**Breve descrición / composición / medidas (largo incluído o vehículo / ancho / alto)**

............................................................................................................................................................
............................................................................................................................................................
............................................................................................................................................................

Iluminación da carroza segundo a normativa vixente de circulación ☐

| Compoñentes (mínimo 6) | Empadroado en Cambre |
|---|---|
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |
| Nome e NIF: ....................................................................................................................... | SI ☐ |

**REPRESENTANTES (2)**

Nome e apelidos: .............................................................. Asdo.:
NIF: ..................................... Teléfono: .............................
Enderezo: ..........................................................................
Localidade: ............................ e-mail: ..................................

Nome e apelidos: .............................................................. Asdo.:
NIF: ..................................... Teléfono: .............................
Enderezo: ..........................................................................
Localidade: ............................ e-mail: .................................

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: ☐ non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _______________ de ____

***Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre***

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

**FICHA INSCRICIÓN COMPARSAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)**

☐ Asociación veciñal:

☐ Grupo de veciños:

☐ Outros concellos:

**NOME ARTÍSTICO:** ..........................................................................................................................................

**Breve descrición / composición**

..........................................................................................................................................
..........................................................................................................................................
..........................................................................................................................................

**Necesidades:** ☐ **Micrófonos (núm. _____)** ☐ **Outros:_______________________________________**

**Música:** ☐ **Non** ☐ **Achégase coa solicitude** ☐ **Envíase a cultura@cambre.org**

| Compoñentes (mínimo 6) | Empadroado en Cambre |
|---|---|
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |
| Nome e NIF: ........................................................................................................ | SI ☐ |

**REPRESENTANTES (2)**

Nome e apelidos: ........................................................................ Asdo.:
NIF: ..................................... Teléfono: .............................
Enderezo: ..........................................................................
Localidade: ........................... e-mail: ..................................

______________________________________________________________________________
______________________________________________________________________________
____________________________________________

Nome e apelidos: ........................................................................ Asdo.:
NIF: ..................................... Teléfono: .............................
Enderezo: ..........................................................................
Localidade: ........................... e-mail: .................................

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: ☐ non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de ______________ de ____

***Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre***

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Normas que figuran no dorso das solicitudes de inscrición

## NOTA INFORMATIVA XERAL

- Para que o acto se desenvolva con normalidade, as persoas participantes no concurso deberán en todo momento seguir as indicacións da Policía Local, Protección Civil e do persoal da organización.

- Queda totalmente prohibido o uso de vasos de cristal na festa do Entroido, así como subir ao escenario con bebidas en calquera tipo de envase.

- Os/as participantes no concurso que causasen altercados durante a celebración da festa poderán ser descualificados do concurso a criterio da organización.

- Contra a 01:00 h deberá respectarse o descanso da veciñanza.

- A data límite para a presentación da folla dos datos fiscais xunto co NIF dos representantes e, no caso das asociacións, o CIF, documentación necesaria para o cobro dos premios/ gratificacións, será o 8 de abril de 2025.

- O titular da conta debe corresponderse cun dos representantes legais; comprobarase que cumpra coas súas obrigas tributarias. No caso das asociacións a titular da conta debe ser a propia asociación.

## NOTA INFORMATIVA PARA AS CARROZAS

- As carrozas non poden facer lume nin brasas no seu interior ou transportar líquidos inflamables, pirotecnia, teas (*antorchas) ou obxectos con chama.

- As carrozas que non conten coa iluminación segundo a normativa de circulación vixente non poderán desprazarse de noite. Estas serán trasladadas todas ao mesmo tempo a un lugar alternativo a partir das 23.59 h. Este operativo será coordinado pola Policía local. O domingo 9 de abril ás 11.00 h deberán retirarse do espazo asignado.

- Non está permitido viaxar na carroza ata o lugar de concentración; unicamente poderase transportar xente durante o percorrido do desfile.

- O subministro eléctrico temporal autónomo precisará a pertinente autorización, é dicir, un boletín eléctrico. A maiores da autorización será preciso contar cun extintor de incendios en regra no interior da carroza.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz Entroido 2025!!!

*O concelleiro delegado da Área de Cultura*

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

Datos Fiscais PREMIOS

☐ **CARROZAS** ☐ **COMPARSAS** ☐ **DISFRACES**

Nº ............... Nome artístico: ................................................................................... Premio .............. Importe: ….. .......... €

**Representantes** (deben ser os mesmos que na solicitude, dous no caso de grupos)

Nome e apelidos: .................................................................... Asdo.:

NIF: .......................................

---

Nome e apelidos: .................................................................... Asdo.:

NIF: .......................................

**INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO** (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

a. **Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
b. **Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
d. Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 8 de abril de 2025**. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

☐ Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

☐ Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Cambre, ...... de ................................. de ........

***Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre***

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2025***

Datos Fiscais GRATIFICACIÓNS

Nome artístico: ........................................................................................................ ☐ **CARROZA** ☐ **COMPARSA**

**INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN** (segundo o punto 2.2 e 3.3 das bases do concurso):

2.2.- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio, a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.3.- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

**INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO** (segundo o punto 6 das bases do concurso**):**

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

a. **Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
b. **Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
d. Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 8 de abril de 2025**. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

☐ Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

☐ Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio/gratificación.

Os representantes que asinan esta inscrición declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso do Entroido en Cambre 2025, que son maioritariamente veciños do concello.

Cambre, ...... de................................. de ……

| | |
|---|---|
| Asdo.: .......................................................... | Asdo.:............................................................ |
| NIF.: .......................................................... | NIF.:............................................................ |
| Representante | Representante |

***Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre***

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Terceiro:** Aprobar un gasto por importe de *sete mil cen* (7.100,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100 Becas e premios festexos populares**.**

**Cuarto**: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Quinto:** No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2025, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Sexto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Barrientos Morales, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 15 de novembro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 15 de novembro de 2024 (CVD: jxgGOWncyS6j7zuqqDTh), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2.4. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 01:00:27 horas**

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que hai unha moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG presentada antes de iniciar a sesión, e concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei, quen di que a presente moción se somete a pleno en réxime de urxencia debido á necesidade inmediata de adaptar a relación de postos de traballo, a RPT, ás esixencias actuais dos servizos municipais, especialmente en relación cos postos que se queren crear e transformar, e di que vén motivada pola aprobación da emenda presentada polo partido socialista á proposta de resolución de alegación e aprobación definitiva de modificación puntual da relación de postos de traballo de 2024, debido á exclusión por parte da presidenta deste pleno dun membro da Corporación municipal.

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG para a aprobación definitiva da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo, baseada na proposta inicial aprobada na sesión plenaria do 27 de xuño de 2024, que transcrita di:

**“MOCIÓN URXENTE**

**Ao Pleno da Corporación Municipal**

**ASUNTO: Proposta do Partido Socialista, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego para a aprobación definitiva da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo, baseada na proposta inicial aprobada na sesión plenaria do 27 de xuño de 2024.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Relación de Postos de Traballo (RPT) é unha ferramenta esencial para garantir a organización eficiente e a correcta asignación de funcións no ámbito da administración municipal. Co obxectivo de mellorar a estrutura organizativa e adaptar os postos de traballo ás necesidades reais dos servizos, proponse a transformación e reconfiguración de determinados postos, tal como se reflicte na modificación inicial aprobada polo Pleno na sesión do 27 de xuño de 2024.

Concretamente, esta actualización implica:

- A transformación dos postos de Operario parque móbil e inmobles e de Traballadora familiar en Conserxes, co fin de optimizar a súa denominación e funcionalidade.
- O cambio do posto de Auxiliar monitora da terceira idade en Auxiliar de biblioteca-arquivo, adaptando as súas funcións ás necesidades culturais e administrativas actuais.

Estas modificacións contribuirán a unha maior eficacia na prestación de servizos municipais e á clarificación das responsabilidades asociadas a cada posto.

**ACORDOS:**

1. Estimar as alegacións presentadas pola funcionaria Técnica de Xestión de Administración Xeral dona Verónica Mª Otero López á aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo acordada polo Pleno desta Corporación na súa sesión celebrada o 27 de xuño de 2024 no que ao cambio de denominación e transformación do posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral (Contratación) en Técnico de Administración Xeral-contratación administrativa se refire.

2. Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) nos seguintes termos:

    - Cambio de denominación e transformación dos postos de:
        - Operario parque móbil e inmobles en Conserxe.
        - Traballadora familiar en Conserxe.
        - Auxiliar monitora da terceira idade en Auxiliar de biblioteca-arquivo

3. Aprobar definitivamente as fichas correspondentes aos novos postos.

    - Incorporar as fichas de Conserxes e Auxiliar de biblioteca-arquivo na Relación de Postos de Traballos, como a continuación se transcriben:

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: CONSERJE

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Tareas de vigilancia, custodia, porteo, control de entrada en las oficinas municipales e información, seguimiento y control de máquinas reproductoras y cualquier otra función de conserjería que le sea encomendada. Atención e información inicial al público.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 5 (urbanismo régimen interior 1, cultura, educación y deportes 3, C.F.O. 1)
Código: AL151700037 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:
FUNCIONARIOS :
GRUPO : Otras agrupaciones profesionales.
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Subalterna
CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 14
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 4.097,10 euros (292,65 MES+2 pagas) (*)

OBSERVACIONES: *(*) Corresponde al complemento específico del año 2023 con la inclusión del incremento del 0,5% previsto en el artículo 19.dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el 2023 (BOE nº 239 de 6 de octubre de 2023).*

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: AUXILIAR DE BIBLIOTECA-ARCHIVO

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza tareas administrativas de asistencia al Bibliotecario-archivero.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 7
Código: AL151700044 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:
FUNCIONARIOS :
SUBGRUPO : C2
ESCALA : Administración Especial
SUBESCALA: Servicios Especiales
CLASE : Cometidos especiales

FORMACIÓN ESPECÍFICA:
Graduado escolar, FP I o equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:
Distorsión horaria.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 18
COMPLEMENTO ESPECIFICO: 4.961,32 euros (354,38 MES + 2 pagas) (*)

OBSERVACIONES: (*) Corresponde al complemento específico del año 2023 con la inclusión del incremento del 0,5% previsto en el artículo 19.dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el 2023 (BOE nº 239 de 6 de octubre de 2023).

- Suprimir as fichas correspondentes aos postos de Operario parque móbil e inmobles, Traballadora familiar, e Auxiliar monitora da terceira idade.

4. Proceder ás comunicacións e publicacións legais previstas.

- Remitir copia da modificación da RPT á Administración Xeral do Estado e á Comunicade Autónoma de Galicia no prazo de trinta días dende a aprobación definitiva.
- Publicar a modificación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme ao establecido no artigo 202-3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.”

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cando son as doce horas e cinco minutos a Presidencia concede un receso de 10 minutos para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación ***(Acceso á videoacta 01:05:18 horas).***

Cando son as doce horas e dezasete minutos reanúdase a sesión e a súa gravación *(**Acceso á videoacta 01:05:48 horas).***

Aberta a quenda de intervencións, interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

Cando son as doce horas e vinte e cinco minutos o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez solicita un novo receso, que é concedido pola Presidencia ***(Acceso á videoacta 01:14:19 horas).***

Cando son as doce horas e trinta e un minutos reanúdase a sesión e a súa gravación ***(Acceso á videoacta 01:15:00 horas).***

Interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales.

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG para a aprobación definitiva da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo, baseada na proposta inicial aprobada na sesión plenaria do 27 de xuño de 2024, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## 3. PARTE DECLARATIVA

### 3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 01:21:24 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

### 3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 01:21:27 horas**

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 01:21:35 horas**

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1338/2024, do 8 de novembro, que transcrita di:

**«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Vista a proposta desta Alcaldía de data 11 de xuño de 2024, de aprobación do Plan de Acción relativo ao informe resume anual das actuacións de control interno 2023, emitido pola intervención municipal (CVD: crEOe/Qin/BrF5Es3EYa)

Vista a dilixencia da interventora municipal de data 4 de agosto de 2024 (CVD: gMycypMo62XI3YEh05ZQ), que transcrita di:

**"DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN**

En cumprimento do establecido do establecido no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas locais e do artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local o 22.04.2024 asinei informe referencia LMR_INFCON 2023 / 2024 referido ao control interno 2023 (CVD:+rDXzYor0UcCFwk9BIpj). No citado informe puxen de manifesto as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras:

***<< (…/…) V.- DEFICIENCIAS QUE REQUIEREN LA ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS A TRAVÉS DE UN PLAN DE ACCIÓN.***

*Una vez finalizado el ejercicio 2023, y elaborado el informe previsto en el artículo 218 del Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, se concluye que las principales deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a incluir en el Plan de acción a elaborar por la Alcaldía son las siguientes:*

*1º) Reglamento de gratificaciones (aprobación) y productividad (modificación o derogación y aprobación de uno nuevo) con la finalidad de garantizar el cumplimiento de los artículo 5 y 6 del RD 861/1986 de 25 de abril por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de Administración Local y, por lo tanto, el derecho de los/as trabajadores/as a su percepción.*

*2º) Planificar la actividad de contratación pública anual dando prioridad absoluta a la licitación de los contratos que actualmente están en precario y que afectan a la práctica totalidad de los servicios municipales obligatorios. La regularización de la contratación permitirá disminuir el Período Medio de Pago.*

*3º) Los pliegos, memorias y demás documentos que constituyen el punto de partida para iniciar un expediente de contratación deben definir adecuadamente el objeto del contrato, justificar los cálculos efectuados para determinar el precio así como que*

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*las prescripciones técnicas proporcionán a los empresarios acceso en condiciones de igualdad al procedimiento de contratación y que los criterios de adjudicación están vinculados al objeto del contrato, son formulados de manera objetiva y garantizan la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva.*

*4º) Proceder a un adecuado control de las prestaciones facturadas ya que la acreditación de la correcta ejecución es requisito previo imprescindible al reconocimiento de obligaciones.*

*5º) Limitar el uso de la figura del contrato menor para satisfacer aquellas prestaciones que no se puedan prever en la programación de la actividad de contratación para así garantizar los principios inspiradores en la normativa de contratación pública.*

*6º) Acomodar la tramitación de subvenciones a conceder por el Ayuntamiento de Cambre a la anualidad a la que corresponde la actividad que se está subvencionando de forma que las convocatorias se realicen en el primer trimestre de cada año para que las justificaciones se puedan aprobar en el último trimestre de cada año.*

*7º) Remitir las propuestas y/o los expedientes para su fiscalización previa por la Intervencion municipal en los supuestos establecidos en la LBRL, TRLRHL y el Real Decreto 424/2017, y demás normativa de aplicación*

*Los actos con omisión de la función interventora respecto de los cuales consta resolución de alcaldía de convalidación en 2023 son: (…/…)*

*Los actos con omisión de la función interventora que no procede que sean objeto de convalidación sino de revisión de oficio por estar incursos en supuestos de nulidad de pleno derecho se han detallado en el apartado III.2.1. b.1.2.) del presente informe. (…/…)* **>>**

Tendo en conta a proposta de alcaldía có asunto "*Aprobación do Plan de Acción relativo ao informe resume anual das actuacións de control interno 2023, emitido pola intervención municipal*" asinada pola Sra. alcaldesa o 11.06.2024 (CVD: crEOe/Qin/BrF5Es3EYa) e delegada a esta intervención o 11.06.2024 ás 20:14:13 horas, emito a seguinte DILIXENCIA:

**PRIMEIRO.-** O Plan de Acción elaborouse pola Sra. alcaldesa respectando o prazo contemplado no artigo 38.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

**SEGUNDO.-** O Plan de Acción enumera, a criterio político, unha serie de medidas coa finalidade de corrixir as deficiencias que fixen constar no meu informe referencia LMR_INFCON 2023 / 2024 referido ao control interno 2023 (CVD:+rDXzYor0UcCFwk9BIpj

Se ben non corresponde neste momento procedimental valorar a efectividade do citado Plan para subsanar as carencias advertidas por esta intervención no informe antes citado, debo advertir do seguinte:

- ***Medida A Necesidade de modificación o derogación e aprobación dun novo regulamento de productividade e aprobación do regulamento de grafificacións***: non se propón medida algunha garantir o cumprimento dos artigo 5 e 6 do RD 861/1986 do 25 de abril polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local feito que alcanza, se cabe, máis gravidade tendo en conta as reiteradas advertencias da interventora que suscribe ao respecto.
- ***Medida B Planificar a actividade de contratación pública anual***: non contempla planificación algunha en relación á actividade contractual por canto planificar é a creación, asignación e distribución temporal dunhas tarefas para conseguir un obxectivo, é dicir, unha guía cos pasos para seguir para acadar o obxecto

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

proposto.

- ***Medida C Documentación dos expedientes de contratación***: o "*Enviar instruccións emitidas por contratación/secretaría sobre os aspectos a ter en conta á hora de elaborar dita documentación*" non se considera unha medida correctora por canto, nos informes emitidos ao respecto pola secretaria xeral e por esta intervención dende a data da nosa incorporación ao Concello de Cambre, xa están a poñer de manifesto as deficiencias dos expedientes e os incumprimentos normativos sen que se adopten medidas para solventar dita situación.
- ***Medida D Acreditación da adecuada execución:*** o *"Instar por medio dunha providencia aos técnicos responsables dos contratos a comprobación adecuada da execución dos mesmos"* é redundante por canto a LCSP e os PCA regulan a figura do responsable do contrato o cal é nomeado polo órgano de contratación. Asemade, as bases de execución do orzamento xeral xa regulan específicamente a actuación dos técnicos municipais para acreditar a efectividade das prestacións facturadas.
- ***Medida E Limitar o uso do contrato menor:*** a medida proposta non deixa de ser unha simple declaración de intencións sendo máis efectivo o empregar o procedemento simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP).
- ***Medida F Cumprir o principio de anualidade en relación coas subvencións municipais:*** entre as funcións que o RD 128/2018 atribúe á intervención non está a de ser responsable da tramitación de subvencións senón da súa fiscalización. Os diferentes departamentos (*educación, cultura, deportes, servizos sociais, ADL*) son os encargados da xestión das súas respectivas subvencións polo que é a súa responsabilidade o remitir a intervención os expedientes COMPLETOS (cónstame que se lles reiterou por parte do meu antecesor a necesidade de ser máis rigorosos en canto á documentación xustificativa).
- ***Medida G Remitir propostas e expedientes para fiscalización previa por intervención:*** a obriga de remitir as propostas e expedientes para a fiscalización previa pola intervención ven imposta pola normativa aplicable, entre outra, o TRLFL, a LCSP, o RD 424/2017 ou o RD 128/2018 non polo feito de "*Notificar aos xefes de área a obriga de remitir as propostas e/ou expedientes para a súa fiscalización previa pola Intervención Municipal*".

Será no informe de control interno correspondente ao exercicio 2024, a emitir no prazo previsto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017 do 28 de abril no que se analizará se foron ou non solventadas as deficiencias detalladas no meu informe referencia LMR_INFCON 2023 / 2024 referido ao control interno 2023 (CVD:+rDXzYor0UcCFwk9BIpj).

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino a presente dilixencia en Cambre na data que figura na marxe.»

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o Plan de Acción no que se determinan as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias e incumprimentos que se puxeron de manifesto no Informe de control interno do ano 2023 emitido pola interventora municipal, co fin de corrixir as incidencias e atender ás recomendacións recollidas nel:

**PLAN DE ACCIÓN RELATIVO AO INFORME RESUMO ANUAL**
**DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL INTERNO 2023**
**EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL**

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**I.- ANTECEDENTES**

1.- En cumprimento do artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o interventor municipal elaborou o informe resumo dos resultados do control interno correspondente á anualidade 2023, Informe resumo de control exercicio 2023 INFCON1, de data 22 de abril de 2024, o cal contiña os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financiero e da funcion interventora realizados en 2023.

2.- Do dito informe deuse conta ao Pleno, a través desta Alcaldía, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2024.

Establece o artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en relación ao Plan de acción, o seguinte:

> *«1. El Presidente de la Corporación formalizará un plan de acción que determine las medidas a adoptar para subsanar las debilidades, deficiencias, errores e incumplimientos que se pongan de manifiesto en el informe resumen referido en el artículo anterior.*
>
> *2. El plan de acción se elaborará en el plazo máximo de 3 meses desde la remisión del informe resumen al Pleno y contendrá las medidas de corrección adoptadas, el responsable de implementarlas y el calendario de actuaciones a realizar, relativos tanto a la gestión de la propia Corporación como a la de los organismos y entidades públicas adscritas o dependientes y de las que ejerza la tutela.*
>
> *3. El plan de acción será remitido al órgano interventor de la Entidad Local, que valorará su adecuación para solventar las deficiencias señaladas y en su caso los resultados obtenidos, e informará al Pleno sobre la situación de la corrección de las debilidades puestas de manifiesto en el ejercicio del control interno, permitiendo así que el Pleno realice un seguimiento periódico de las medidas correctoras implantadas para la mejora de las gestión económico financiera.*
>
> *4. En la remisión anual a la Intervención General de la Administración del Estado del informe resumen de los resultados del control interno se informará, asimismo, sobre la corrección de las debilidades puestas de manifiesto.»*

3.- El Apartado V. *Deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción, del informe resumen de control*, concluye que las principales deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a incluir en el Plan de acción a elaborar por la Alcaldía son las siguientes:

3.- O Apartado IV. *Deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción,* do informe resumo de control, conclúe que as principais deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a incluir no Plan de acción a elaborar pola Alcaldía son as seguintes:

*"Una vez finalizado el ejercicio 2023, y elaborado el informe previsto en el artículo 218 del Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, se concluye que las principales deficiencias que requieren la adopción de medidas correctoras a incluir en el Plan de acción a elaborar por la Alcaldía son las siguientes:*

*1º) Reglamento de gratificaciones (aprobación) y productividad (modificación o derogación y aprobación de uno nuevo) con la finalidad de garantizar el cumplimiento de los artículo 5 y 6 del RD 861/1986 de 25 de abril por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de Administración Local y, por lo tanto, el derecho de los/as trabajadores/as a su percepción.*

*2º) Planificar la actividad de contratación pública anual dando prioridad absoluta a la licitación de los contratos que actualmente están en precario y que afectan a la práctica totalidad de los servicios municipales obligatorios.*
*La regularización de la contratación permitirá disminuir el Período Medio de Pago.*

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º) Los pliegos, memorias y demás documentos que constituyen el punto de partida para iniciar un expediente de contratación deben definir adecuadamente el objeto del contrato, justificar los cálculos efectuados para determinar el precio así como que las prescripciones técnicas proporcionan a los empresarios acceso en condiciones de igualdad al procedimiento de contratación y que los criterios de adjudicación están vinculados al objeto del contrato, son formulados de manera objetiva y garantizan la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva.

4º) Proceder a un adecuado control de las prestaciones facturadas ya que la acreditación de la correcta ejecución es requisito previo imprescindible al reconocimiento de obligaciones.

5º) Limitar el uso de la figura del contrato menor para satisfacer aquellas prestaciones que no se puedan prever en la programación de la actividad de contratación para así garantizar los principios inspiradores en la normativa de contratación pública.

6º) Acomodar la tramitación de subvenciones a conceder por el Ayuntamiento de Cambre a la anualidad a la que corresponde la actividad que se está subvencionando de forma que las convocatorias se realicen en el primer trimestre de cada año para que las justificaciones se puedan aprobar en el último trimestre de cada año.

7º) Remitir las propuestas y/o los expedientes para su fiscalización previa por la Intervencion municipal en los supuestos establecidos en la LBRL, TRLRHL y el Real Decreto 424/2017, y demás normativa de aplicación  Los actos con omisión de la función interventora respecto de los cuales consta resolución de alcaldía de convalidación en 2023 son:

## I. OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN

| Nº Informe | Fecha informe | expediente | Objeto omisión | Euros | fecha resolución convalidación |
|---|---|---|---|---|---|
| 01 | 23/05/2023 | 2023/G003/001063 | Contratación verbal de actividades socioculturales del concello de Cambre curso 2022-2023 | 16.098,15 | RA 06.06.2023 |
| 02 | 24/05/2023 | 2023/G003/001062 | Prestación del servicio de escuelas de actividad física y salud y actividades físico recreativas de verano sin contrato en vigor | 12.382,68 | RA 06.06.2023 |
| 03 | 06/06/2023 | 2023/G003/001116 | Contratación verbal de la prestación de alquiler e instalación de la Iluminación navideña campaña 2022-2023 | 59.875,02 | RA 07.06.2023 |
| 04 | 07/06/2023 | 2026/G003/001120 | Contratación verbal de la prestación de forma individualizada con fraccionamiento del objeto del contrato (distintos servicios prestados de impermeabilización y limpieza de cubiertas en las instalaciones culturales, deportivas y CEIPs municipales) | 20.651,07 | RA 07.06.2023 |
| 6 | 07/06/2023 | 2026/G003/002197 | Comprobación material do servizo de acondicionamento do contorno do rio Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023 | 40.000,00 | RA 30.11.2023 |

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

*Los actos con omisión de la función interventora que no procede que sean objeto de convalidación sino de revisión de oficio por estar incursos en supuestos de nulidad de pleno derecho se han detallado en el apartado III.2.1. b.1.2.) del presente informe."*

## II.- ACCIÓNS

Á vista do manifestado pola intervención municipal no apartado V. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción, do informe resumo de control, consideramos que as medidas a adoptar para a corrección das deficiencias han de ser as seguintes:

### A. Necesidade de modificación o derogación e aprobación dun novo regulamento de productividade e aprobación do regulamento de grafificacións

O artigo 32 do acordo regulador do Concello de Cambre establece o importe das horas fóra da xornada laboral, polo que entendemos que non é necesario elaborar dito regulamento tendo en conta a carga de traballo que hai no departamento de Recursos Humanos e as prioridades que hai nestes momentos.

O Regulamento de Productividade do Concello de Cambre é un acordo plenario que non foi obxecto de recurso algún polo que non é preciso proceder a súa modificación ou derogación, tendo en conta que non foi obxecto de informe en contra por incumprimento do RD 861/1986 de 25 de abril.

### B. Planificar a actividade de contratación pública anual.

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS** | Están elaborados varios pregos técnicos dos servizos que están en precario e traballase na elaboración doutros. Informados en contra por secretaría e intervención os pregos de zonas verdes, limpeza de instalacións municipais e Servizo de Axuda no Fogar, realizándose agora modificacións para subir a contratación. Elaborados tamén os pregos de subministro de gasóleo e rematar os pregos do abastecemento de auga e mantemento do alumeado público. O servizo de subministro de electricidade prepárase a través dun acordo marco |
| **RESPONSABLE** | Responsables técnicos municipais dos servizos prestados |

### C.- Documentación dos expedientes de contratación

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPUESTAS** | Enviar instruccións emitidas por contratación/secretaría sobre os aspectos a ter en conta á hora de elaborar dita documentación |
| **RESPONSABLE** | Xefes de Área e técnicos propoñentes |

### D.- Acreditación da adecuada execución

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS** | Instar por medio dunha providencia aos técnicos responsables dos contratos a comprobación adecuada da execución dos mesmos |

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | |
|---|---|
| **RESPONSABLE** | Responsables municipais directores das obras e directores de obras externos |

**E.- Limitar o uso do contrato menor**

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS** | Os contratos menores usaranse en situacións puntuais e publicaranse sempre no Plataforma de Contratos do Sector Público para garantir a libre concurrencia e a publicidade |
| **RESPONSABLE** | Xefes de Área e técnicos propoñentes |

**F.- Cumprir o principio de anualidade en relación coas subvencións municipais**

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS** | Tómase o ano 2024 como exercizo de tránsito para poñer ao día subvencións e convenios municipais a fin de dar cumprimento a ese principio de anualidade. Para iso, de ser necesario, collerase por acumulación un técnico para intervención coa finalidade de que a fin de ano, subvencións e convenios estén ao día. |
| **RESPONSABLE** | Intervención |

**G.- Remitir propostas e expedientes para fiscalización previa por intervención**

| | |
|---|---|
| **MEDIDAS CORRECTORAS PROPOSTAS** | Notificar aos xefes de área a obriga de remitir as propostas e/ou expedientes para a súa fiscalización previa pola Intervención Municipal nos supostos establecidos na LBRL, TRLRFL e o Real Decreto 424/2017, e demais normas de aplicación |
| **RESPONSABLE** | Xefes de área e técnicos responsables |

**Segundo:** Dar conta ao Pleno do Plan de Acción aprobado, na próxima sesión que se celebre.»

## 4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 01:22:02 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 115 resolucións numeradas da 1291 á 1405 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|---|---|---|
| 1291/2024 | 28-10-2024 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de outubro de 2024 |

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|---|---|---|
| 1292/2024 | 29-10-2024 | Expedientes sancionadores de tráfico |
| 1293/2024 | 29-10-2024 | Expedientes sancionadores de tráfico |
| 1294/2024 | 29-10-2024 | Levantar o reparo formulado pola intervención municipal na dilixencia de intervención á proposta de convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, de data 17 de outubro de 2024, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 22 de outubro de 2024. Aprobar a convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2023/2024 segundo as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, publicadas no Boletin Oficial da Provincia num. 228, de data 29 de novembro de 2023 |
| 1295/2024 | 30-10-2024 | Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe total de 80.208,63 euros |
| 1296/2024 | 30-10-2024 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 3 de outubro de 2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da dita ordenanza, supera o número de vales máximos que se poden entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MCDV |
| 1297/2024 | 30-10-2024 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 16 de outubro de 2024, xa que, segundo o disposto na disposición final segunda da dita ordenanza, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: GSC |
| 1298/2024 | 30-10-2024 | Considerar desistida a CARG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 16 de xaneiro de 2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento |
| 1299/2024 | 30-10-2024 | Considerar desistido a ND´A da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 15 de decembro de 2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento |
| 1300/2024 | 30-10-2024 | Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao almacén de produtos de ortopedia situado na rúa Muíños, parroquia do Temple. Solicitante: O, SLU |
| 1301/2024 | 30-10-2024 | Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en vinte e cinco mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 fronte á cervexaría situada na rúa Constitución, parroquia do Temple, condicionada a que a terraza se instale pegada á fachada frontal e lateral do establecemento, sen exceder a fronte do local, deixando libre na beirarrúa un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e non interrompendo o paso ao portal situado na rúa Constitución. Solicitante: AA, SC |
| 1302/2024 | 30-10-2024 | Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de dous postes de fibra co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar situada na parroquia de Cambre. Solicitante: TdeE, SAU |
| 1303/2024 | 30-10-2024 | Conceder a licenza municipal solicitada para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Outeiro, parroquia de Brexo. Solicitante: UFD, DE, SA |
| 1304/2024 | 30-10-2024 | Levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 20 de outubro de 2024. Aprobar a nómina de atrasos por produtividades pendentes dos meses de maio a setembro de 2023 e de |

CVD: kXp1LxzFktTfwZS7YEuT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | produtividades aos conserxes dos colexios públicos e de instalacións deportivas durante os meses de abril a maio de 2024 por importe total de 9.700,70 euros |
| 1305/2024 | 30-10-2024 | Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 15.715,90 euros |
| 1306/2024 | 30-10-2024 | Aprobar a nómina mensual do mes de outubro do 2024 cun total retribucións brutas 405.038,07 euros |
| 1307/2024 | 31-10-2024 | Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes setembro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes, e o seu pagamento por un importe total de 64.868,24 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de setembro de 2024 por importe de 20.397,13 euros |
| 1308/2024 | 31-10-2024 | Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con MIRP que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:15 horas |
| 1309/2024 | 31-10-2024 | Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con ERS que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:30 horas |
| 1310/2024 | 31-10-2024 | Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con DLP que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:45 horas |
| 1311/2024 | 31-10-2024 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de novembro de 2024 |
| 1312/2024 | 04-11-2024 | Aprobar as facturas e gastos por importe total de 182.518,05 euros con reparos non suspensivos da intervención municipal |
